



# **Liñas de acción da CTNL**

## **para o período interasemleable 2014-2015**

(aprobadas por unanimidade na Asemblea Xeral Ordinaria que tivo lugar o 8 de marzo de 2014 en Santiago de Compostela)

### **Accións para o cumprimento dos fins da asociación**

---

#### **1 Defender os intereses xerais das/os traballadoras/es de normalización lingüística e da dignidade das condicións de traballo dos servizos lingüísticos:**

- Realización de propostas que procuren mellorar a situación do traballo en normalización lingüística, nomeadamente na procura da estabilización dos servizos de normalización lingüística e demais departamentos técnicos existentes.
- Continuar coa procura de visibilización do traballo que se desenvolve a prol do galego, facendo ver a súa necesidade, e visibilizando tamén o apoio social ao proceso de normalización lingüística, procurando así que o traballo a favor da lingua se vexa socialmente como útil e necesario. Para isto seguirase a difundir información a través do web, redes sociais, vídeos, etc., así como a incentivar que os medios de comunicación de todo tipo tamén visibilicen o traballo de SNL, ENDL, asociacións, empresas, etc., publicando novas, reportaxes, entrevistas, etc. Desde a CTNL procurarase en 2014 fortalecer esta liña de traballo con diversas accións.
- Realización de solicitudes concretas de mellora das condicións de determinados postos de técnico/a de normalización lingüística e doutros postos relacionados coa lingua (profesorado dos cursos Celga, bolseiros/as, etc.). Loita contra a precarización laboral das/os traballadoras/es pola normalización da lingua.
- Seguimento e proposta de mellora de axudas para o mantemento e creación de servizos de normalización lingüística nas administracións locais e proposta de novas liñas de actuacións para diferentes entidades.
- Ofrecer un servizo de consulta e asesoramento legal para socios/as relacionado con cuestións laborais e técnicas específicas do traballo en normalización lingüística.

## 2 Promover a formación continua no eido da normalización da lingua:

### ORGANIZACIÓN DE ACCIÓNS FORMATIVAS PARA O TRABALLO EN NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Cada ano a CTNL organiza directamente diversos cursos e obradoiros específicos sobre diversas materias na procura de mellorar os coñecementos e capacidades das persoas que traballan en normalización lingüística en diferentes ámbitos.

Estes cursos organízanse directamente desde a CTNL coa coorganización do Departamento de Filoloxía Galega da USC e, na maioría das ocasións, coa colaboración económica da SXPL.

Normalmente, os cursos que se estiveron organizando tiveron unha duración de entre 16 e 24 horas e a gran maioría foron presenciais. Mais, como xa se iniciou en 2013, na procura dunha maior adaptación das accións formativas ás necesidades concretas e procurando tamén facilitar a participación de todas as persoas interesadas, cómpre buscar fórmulas que permitan a maior eficiencia posible, mediante cursos e obradoiros máis específicos, con sesións presenciais máis curtas e un maior traballo por parte das persoas participantes co desenvolvemento de traballos prácticos con titorización e avaliación.

Así, os cursos e obradoiros que se propón que a CTNL organice no período interasemblea son tres de entre os seguintes:

<b>Obradoiro de deseño e maquetación de materiais básicos para a normalización lingüística</b>	
<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aprender a manexar programas sinxelo de maquetación, principalmente de folletos e carteis.</li> <li>• Crear de maneira sinxela materiais básicos, como folletos e carteis, cun mínimo de calidade para a difusión de accións e mensaxes a prol do galego.</li> </ul>
<b>Destinatarios/as</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Traballadores/as de servizos de normalización lingüística (SNL).</li> <li>• Traballadores/as de empresas, asociacións e outras entidades relacionadas coa normalización da lingua.</li> <li>• Membros de equipos de normalización e dinamización lingüística do ensino.</li> <li>• Persoas interesadas en traballar pola normalización da lingua.</li> </ul>
<b>Duración</b>	20 horas, aproximadamente
<b>Profesorado</b>	Persoa con coñecemento na materia e capacidade de adaptación ás nosas necesidades concretas



### Obradoiro de creación de vídeos básicos para a normalización (2.<sup>a</sup> edición)

<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Aprender a crear vídeos básicos para campañas, anunciar actividades, difundir mensaxes a prol do galego, etc.</li><li>• Ser quen de seleccionar a mensaxe axeitadamente segundo a finalidade, os/as destinatarios/as, os medios, etc., e planificar a preparación e o lanzamento desa mensaxe a través dun vídeo.</li><li>• Aprender técnicas de gravado de vídeo con aparellos básicos (cámara de fotos, cámara de vídeo, teléfono móbil, etc.).</li><li>• Aprender a manexar algún programa sinxelo de edición de vídeo dixital.</li></ul>
<b>Destinatarios/as</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Traballadores/as de servizos de normalización lingüística (SNL).</li><li>• Traballadores/as de empresas, asociacións e outras entidades relacionadas coa normalización da lingua.</li><li>• Membros de equipos de normalización e dinamización lingüística do ensino.</li><li>• Persoas interesadas en traballar pola normalización da lingua.</li></ul>
<b>Duración</b>	8 horas presenciais + 12 horas non presenciais de traballo con titorización (aprox.)
<b>Profesorado</b>	Persoas con coñecemento na materia e capacidade de adaptación ás nosas necesidades concretas

### Curso de deseño e implementación de accións de dinamización lingüística (2.<sup>a</sup> edición)

<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Afondar na filosofía das accións normalizadoras analizando as campañas como procesos de activación social.</li><li>• Dotar as persoas participantes dunha metodoloxía para o deseño, xestión, implementación e avaliación de accións de dinamización lingüística dende unha perspectiva fundamentalmente práctica.</li></ul>
<b>Destinatarios/as</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Traballadores/as de servizos de normalización lingüística (SNL).</li><li>• Traballadores/as de empresas, asociacións e outras entidades relacionadas coa normalización da lingua.</li><li>• Membros de equipos de normalización e dinamización lingüística do ensino.</li><li>• Persoas interesadas en traballar pola normalización da lingua.</li></ul>
<b>Duración</b>	25 horas, aprox.
<b>Profesorado</b>	Técnicos/as de SNL ou ámbitos relacionados coa normalización e persoas con coñecemento en planificación e en avaliación



<b>Formación para a creatividade, a motivación e a resolución de problemas relacionados co proceso de normalización lingüística</b>	
<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Coñecer métodos e técnicas novas para fomentar a creatividade, a motivación das persoas, a resolución de problemas e a chegada a conclusións.</li><li>• Aprender a desenvolver dinámicas que incrementen a motivación dos grupos.</li><li>• Ser quen de implementar en grupos accións que consigan activar a creatividade das persoas de cara a aplicala para o incremento do uso e prestixio da lingua galega.</li><li>• Experimentar a aplicación ao proceso de normalización lingüística de técnicas derivadas do xogo serio e de Lego Serious Play</li></ul>
<b>Destinatarios/as</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Traballadores/as de servizos de normalización lingüística (SNL).</li><li>• Traballadores/as de empresas, asociacións e outras entidades relacionadas coa normalización da lingua.</li><li>• Membros de equipos de normalización e dinamización lingüística do ensino.</li><li>• Persoas interesadas en traballar pola normalización da lingua.</li></ul>
<b>Duración</b>	20 horas, aprox.
<b>Profesorado</b>	Persoa formada especificamente para esta finalidade e para a aplicación do xogo serio e de Lego Serious Play á normalización da lingua

<b>Obradoiro de creación e difusión de información a través de notas de prensa (2.ª ed.)</b>	
<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Planificar axeitadamente a comunicación para accións de normalización lingüística.</li><li>• Redactar notas de prensa que comuniquen axeitadamente a mensaxe e información que se quere transmitir desde SNL, ENDL, asociacións en defensa da lingua, empresas lingüísticas, etc.</li><li>• Coñecer formatos, contidos, etc., que deben ter as notas de prensa.</li><li>• Aprender a atopar titulares e frases que fagan que as notas comuniquen de xeito máis eficiente.</li><li>• Coñecer como, cando, a onde e a quen se deben enviar as notas de prensa sobre lingua na procura de que teñan a repercusión axeitada no ámbito de interese.</li><li>• Que o traballo en lingua e as accións a prol do galego teñan maior e mellor repercusión social a través dos medios.</li></ul>
<b>Destinatarios/as</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Traballadores/as de servizos de normalización lingüística (SNL).</li><li>• Traballadores/as de empresas, asociacións e outras entidades relacionadas coa normalización da lingua.</li><li>• Membros de equipos de normalización e dinamización lingüística do ensino.</li><li>• Persoas interesadas en traballar pola normalización da lingua.</li></ul>
<b>Duración</b>	4 horas presenciais + 4 horas non presenciais de traballo con titorización (aprox.)
<b>Profesorado</b>	Xornalista con coñecementos e experiencia, nomeadamente no ámbito da lingua



- Colaboración con outras propostas formativas:
  - X edición do Curso de verán sobre dinamización lingüística (Organizado desde o SNL da Universidade da Coruña), coa proposta de que o seu programa se centre na transmisión interxeracional da lingua.

## **DOCUMENTOS FORMATIVOS E INFORMATIVOS**

- Continuidade da colección de materiais Documentos CTNL, na que se inclúen materiais formativos e de referencia. En 2014 está previsto editar polo menos un documento sobre algunha das seguintes temáticas:
  - Breve manual para unha posible planificación lingüística municipal (pendente de anos anteriores): proposta de planificación e intervención lingüística para a administración municipal.
  - Guía de axuda para a presentación a procesos selectivos: información sobre como deben ser as convocatorias, onde se deben publicar as bases, como deben ser os procedementos de admisión de solicitudes, resolución de dúbidas sobre os desenvolvementos das probas, información sobre prazos e métodos para poder presentar recursos, etc.
- Publicación e difusión a través da rede de materiais formativos de diversos cursos xa organizados pola CTNL.

## **3 Propostas para facer máis efectivo o traballo a prol da normalización da lingua e colaboración en accións para o fomento do galego:**

### **ACCIÓNS PARA UNHA MELLOR E MAIOR IMPLICACIÓN DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS NO PROCESO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

- PROPOSTAS E SEGUIMIENTO DA POLÍTICA LINGÜÍSTICA DA XUNTA: continuar a facer seguimento da política lingüística da Xunta de Galicia, procurando que esta volva ao camiño do diálogo e do consenso que abandonou, denunciando os retrocesos e os non avances no proceso de normalización da lingua galega e propondo melloras no desenvolvemento de proxectos e accións para o fomento do uso e prestixio da lingua galega:
  - Seguimento da Rede de Dinamización Lingüística, para continuar intentando que esta sirva para o impulso e coordinación dos SNL, e reclamando melloras



concretas na relación actual entre a Xunta e os SNL das distintas administracións (coordinación, liñas de subvencións, convocatorias, cursos, etc.). Seguimento dos criterios das subvencións para o mantemento e creación de servizos de normalización lingüística na administración local. Realización dun informe avaliativo sobre os resultados da Rede e das subvencións, con propostas de mellora.

- Solicitud de melloras concretas na xestión e desenvolvemento de diversas accións: campañas, axudas a distintos ámbitos, cursos de lingua galega, etc.
- Denuncia do desmantelamento orzamentario do proceso de normalización lingüística por parte da Xunta e proposta dun claro incremento de cara aos vindeiros anos, nomeadamente naquelas partidas que inciden máis directamente en accións normalizadoras e na creación de estruturas técnicas para a normalización lingüística, e proposta dunha mellor e máis efectiva distribución orzamentaria.
- Seguir difundindo e insistindo na *Proposta para a mellora da planificación e xestión dos Celga*, que xa foi presentada en 2012, para procurar que a Xunta a teña en conta e faga os cambios precisos para mellorar esa planificación e xestión dos certificados de lingua galega.
- CONCELLOS: manter reunións ou poñernos en contacto, na medida das posibilidades, cos responsables das áreas de normalización, principalmente das cidades e dalgunhas vilas, para ofrecerlles asesoramento e proporlles diversas medidas e/ou accións concretas a prol da normalización lingüística.
- DEPUTACIÓNS: propor que desde as deputacións provinciais se poñan en marcha (no caso de Lugo, Ourense e Pontevedra) ou se melloren (no caso da Coruña) programas de impulso dos servizos de normalización lingüística municipais, así como que desenvolvan outras accións para a mellora e impulso do proceso de normalización lingüística.

## **PREMIO A ACCIÓNS, PROGRAMAS, PROXECTOS, ETC., DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

Instauración dun premio a accións, programas, proxectos, etc., que se desenvolvan desde SNL, ENDL, asociacións, entidades, empresas, etc., e que teñan como obxectivo a normalización lingüística.

Este premio procuraría ser un recoñecemento ao traballo ben feito, dar unha imaxe positiva, supor un aval para as accións que se valoren, marcar modelos de accións e difundir o traballo que se realiza a prol da lingua galega.

Nestes momentos hai diferentes premios que valoran o uso da lingua galega, os efectos que ese uso ten ou traxectorias, en determinados ámbitos (Leixaprén, Manuel Beiras, Pintos, Lois Peña, etc.), mais non hai ningún premio que recoñeza accións desenvolvidas que teñen como obxectivo principal a normalización da lingua galega.



Por iso se considera de interese a instauración deste premio, co que se pretende recoñecer accións, programas, produtos ou proxectos, mais en principio non entidades, persoas ou traxectorias.

A proposta é instaurar o premio entre a CTNL e a Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización da Lingua Galega (CGENDL), definíndoo conxuntamente e procurando a colaboración doutras entidades.

## **VIVEIRO DE PROPOSTAS NORMALIZADORAS**

Continuidade do proxecto do Viveiro de propostas normalizadoras que comezamos desde a CTNL en 2012, facendo unha nova convocatoria e adaptando e actualizando algunhas cuestións de funcionamento para facelo máis efectivo.

O Viveiro de propostas normalizadoras é un espazo de intercambio de ideas e traballo conxunto para que os traballadores e as traballadoras de normalización lingüística poidamos poñernos en contacto, coñecer e presentar propostas e ideas de accións normalizadoras, buscar xente coa que intercambiar impresións e colaborar na maduración e posta en marcha desas propostas, etc. A idea é que deste espazo ou laboratorio nazan e se poidan desenvolver actividades, accións, campañas, obradoiros, produtos normalizadores, etc.

Deste Viveiro naceu en 2012 a acción Gústame o galego, en 2013 Agasalho.eu e proximamente poñeranse en marcha outras accións, como, por exemplo, Como cho digo ;-), campaña de visibilización do galego nos medios de comunicación.

A idea é impulsalo e consolidalo en 2014, procurando facer un maior seguimento das propostas que nel se presentan e dos grupos de traballo creados, intentando dinamizalos, facelos participativos, etc., e procurando que os proxectos en que se traballa, saian adiante.

## **ENCUNTROS, XORNADAS E OUTRAS PROPOSTAS DE COORDINACIÓN**

- Organización dun encontro de traballo de servizos de normalización lingüística, cos obxectivos de poñer en común o traballo desenvolvido polos/as técnicos/as de normalización lingüística desde os SNL; intercambiar experiencias; e impulsar o traballo colaborativo e proxectos comúns desde os SNL. Podería ser un día, en xornada de mañá e tarde. A proposta é mantelo no tempo e que cada ano teña lugar nun concello distintos, que se comprometa a colaborar. Podería ser en novembro, decembro ou xaneiro.
- Desenvolvemento dun encontro con compoñentes lúdicos e de convivencia, coa intención de facer grupo compartindo unha experiencia común allea ao traballo concreto. A proposta concreta podería consistir nunha subida ao monte Pindo, contactando coa asociación Monte Pindo Parque Natural, como xa se programou e intentou en 2013, mais que, por cuestións meteorolóxicas, non foi posible realizar. Podería ser no mes de xuño ou setembro.



- Organización dunha xornada, debate, mesa, etc., para avaliar o Plan xeral de normalización da lingua galega (PXNLG) no seu décimo aniversario. No mes de setembro.
- Manter a presenza da CTNL en Culturgal, cunha participación similar á de 2012 (cando se presentou Gústame o galego) e 2013 (cando se presentou Agasalho.eu).
- Colaboración cos XVI Encontros para a normalización lingüística, organizados desde o CDSG do Consello da Cultura Galega, e que terán lugar en setembro.
- Procura de realización ou colaboración na realización de encontros e xuntanzas territoriais ou sectoriais para o contacto, información e procura de coordinación e desenvolvemento de accións conxuntas.
- Xestión, coordinación e impulso da rolda de terminoloxía que no seu momento se creou desde o Consello da Cultura Galega, asumíndoa tamén nominalmente.

## **ALGUNHAS ACCIÓNS DE FOMENTO DO GALEGO QUE ESTÁ PREVISTO IMPULSAR DESDE A CTNL (a raíz do Viveiro de propostas normalizadoras)**

- **Posta en marcha de Como cho digo ;-), campaña para a visibilización do uso do galego na prensa**

No mes de marzo poñerase en marcha a campaña Como cho digo ;-), nacida do Viveiro de propostas normalizadoras, e que procura a visibilización do uso do galego nos medios de comunicación.

O punto de partida é que hai máis persoas e entidades que usan normalmente o galego, do que os medios de comunicación reflicten, polo que, a campaña procurará a participación e compromiso de persoas e entidades de todos os ámbitos que aparezan habitualmente en prensa (do deporte, da política, da empresa, da cultura, etc.) para que pidan que o galego se visibilice nos medios galegos, cando menos utilizando esa lingua para que transmitan as súas declaracións, entrevistas, etc.

Ao mesmo tempo, procurará o compromiso dos diversos medios para visibilizar o galego na información relativa ás persoas e entidades que o usen nos comunicados e notas de prensa que envíen, nas declaracións que fagan, nas entrevistas, etc.

### **Obxectivos:**

- Visibilizar o uso do galego nos medios de comunicación.
- Procurar que os medios de comunicación visibilicen o uso do galego empregándoo, cando menos, para reflectir as declaracións feitas nesta lingua, para informar dos actos desenvolvidos en galego, para crear información a partir de notas de prensa enviadas en galego, etc.





- Facerlles ver a persoas que teñen presenza na información dos medios de comunicación a importancia de interviren en galego e de solicitar que eses medios visibilicen ese uso lingüístico.
- Amosar socialmente que hai moitas máis persoas, entidades, etc., que usan e comunican en galego, das que a imaxe lingüística dos medios transmiten.

### **Medios e accións da campaña**

- Web para a adhesión de persoas e entidades, para a creación de declaracións automáticas e para a visibilización das persoas que apoian a campaña
- Vídeos e imaxes das persoas participantes de todos os ámbitos: deporte, cultura, xustiza, movementos sociais, etc.
- Desenvolvemento de actos locais ou comarcais para a visibilización da campaña e a adhesión de novas persoas participantes.

### **• Remate de Gústame o galego**

A campaña Gústame o galego, como comezamos en decembro de 2012, foi, e aínda sigue a ser, un éxito de acollida, visibilización, participación, difusión, etc.

Mais, cómpre non deixar que morra por inanición, polo que cómpre programarlle un final.

Durante o primeiro semestre de 2014 seguirase a desenvolver como ata agora en centros de ensino, facultades, espazos públicos, etc., mediante a colaboración/contratación por parte de concellos, entidades varias, etc., e procurarase a implicación dalgunha outra entidade ou colectivo relevante, como no seu momento foi o Celta de Vigo.

Mais, de cara ao segundo semestre do ano, planificarase o seu final, que podería ser coa elaboración dun videoclip para a campaña, coa participación de múltiples persoas, e cunha canción específica seleccionada a través dun concurso.

### **• Continuidade e fortalecemento de Agasallo.eu, propostas de regalos en galego**

A finais de 2013 púxose en marcha a plataforma dixital Agasallo.eu ([www.agasallo.eu](http://www.agasallo.eu)), de propostas de regalos en galego, coa finalidade de que calquera persoa poida acceder a ela para coñecer ideas de agasallos, buscando propostas por tipo, idade da persoas á que vai destinado, prezo, etc., e coa característica de que todos están en galego, pois o grande obxectivo desta plataforma é visibilizar as creacións e produtos de todo tipo que usan o galego para que se coñezan e se teñan en conta como idea de regalo.

A aparición desta plataforma tivo moita repercusión e moi boa acollida tanto entre potenciais usuarios/as como entre as creadoras e creadores e empresas. Mais, para que poida seguir medrando, para que poida seguir funcionando e para que cumpra a



finalidade de chegar a un sector máis amplo da poboación, cómpre, por un lado, incrementar a súa visibilización ao longo de todo o ano, a través de publicidade e difusión a través de medios de comunicación e outras accións e, por outro lado, seguir incrementando as propostas de regalos que contén, conseguindo a implicación dun maior número de empresas.

Para isto, cómpre investimento en mantemento, difusión, mellor e potenciación da plataforma.

Obxectivos de Agasallo.eu para 2014:

- Conseguir que Agasallo.eu teña maior visibilización e que sexa coñecida por un sector amplo da poboación.
- Lograr incrementar notablemente as propostas que contén a plataforma e o número de empresas participantes.
- Axudar a elixir agasallos e incitar que estes sexan en galego ao longo de todo o ano e para todo tipo de ocasións, persoas, etc.
- Visibilizar e dar a coñecer entre o conxunto da cidadanía creacións e produtos de todo tipo que usan o galego.
- Incentivar a regalar películas, camisolas, discos, libros, aparellos electrónicos, xogos, etc., en galego.
- Incentivar que os comercios teñan unha maior oferta de produtos de agasallo na nosa lingua e que contribúan a visibilizalos.
- Promocionar e apoiar as empresas e as creacións culturais propias: música, literatura, cinema, novas tecnoloxías, etc.

### ● **Posta en marcha de Leis en galego**

Proxecto en colaboración de técnicos/as de normalización lingüística e profesionais do Dereito para manter un repositorio dixital aberto de lexislación consolidada en galego, cos obxectivos de facilitar o uso do galego no ámbito profesional e académico do Dereito e outros próximos (administración, asesorías...) e de dispoñer da lexislación en galego consolidada e actualizada.

## **Algunhas cuestións organizativas para 2014-2015**

---

- Mantemento da cota dos/as socios/as como nos últimos anos, sen ningún incremento.
- Posta en marcha de grupos de traballo para o desenvolvemento dos diversos proxectos, sobre todo a partir do Viveiro de propostas normalizadoras.
- Incremento da presenza no web dos/as traballadores/as de normalización lingüística, procurando unha maior visibilización e participación e dándolles maior protagonismo con entrevistas, opinións, descrições de accións, difusión de materiais, etc.
- Procura de posta en marcha de novos espazos e canles da CTNL nas redes sociais e novas ferramentas, con reforzo da comunicación web a través de vídeo, son e imaxe.



- Mellor e maior difusión das accións desenvolvidas pola CTNL e dos seus posicionamentos públicos en cuestións relacionadas coa normalización lingüística.
- Procura de renovación e de novos convenios e acordos de colaboración con outras entidades para o desenvolvemento de accións de normalización.
- Nas comisións e plataformas das que a CTNL forma parte seguiranse facendo propostas en positivo e procurando que sexan o máis plurais e representativas posible, e que a través delas se lles dea voz, participación e protagonismo a persoas e entidades varias e de distinto ámbito e perfil a prol da normalización lingüística (dentro do perfil e ámbito de cada unha das comisións e/ou plataformas). Nestes momento a CTNL forma parte de:
  - Comisións Técnica do Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia (CDSG)
  - Comisión Cidadá de Normalización Lingüística do Concello de Vigo
  - Plataforma Queremos Galego

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2014